aspectos de carácter actitudinal, avaliaranse a través de listas control, rúbricas e/ou rexistros anecdóticos, **pesando na nota final de cada UD, un 10%**. A excepción ao que acabamos de expor dáse na derradeira UD de 4º ESO, onde os estándares que fan referencia a aspectos procedimentais pasarán un 70% na nota final desa UD, mentres que os estándares de aprendizaxe transversais terán un valor do 30% nesa nota.

Dentro dos estándares de aprendizaxe transversais, para todas as unidades e cursos, inclúense aqueles que buscan a minimización de riscos e a adquisición de hábitos saudables, a través do necesario emprego en todas as sesións do equipamento específico para a materia (chándal e tenis).

-No caso dos estándares que fan referencia a aspectos conceptuais (40% da nota final), **a través dos exames escritos poderase conseguir ata o 30% da nota da UD e o 10% restante poderá obterse a través da realización de probas obxectivas.**

-**No caso do alumnado de 4º ESO**, para incentivar a práctica de actividade física no horario lectivo e o seu espírito emprendedor como organizadores de eventos, dos 5 puntos cos que se valoran os aspectos procedimentais, **destinarase 1** a valorar a participación voluntaria do alumnado en actividades físicas e deportivas que se organicen (ou que organicen eles/as) no centro.

➤ **CRITERIO DE CUALIFICACIÓN:**

- Para aprobar cada trimestre, o alumnado deberá obter unha **nota igual ou superior a 5**, unha vez sumadas as notas obtidas a través de cada instrumento de avaliación. No caso de que nun mesmo trimestre se traballe máis dunha Unidade Didáctica, a nota alcanzada polo alumnado obterase facendo media entre as notas finais obtidas en cada UD. **Aprobar unha avaliación suporá aprobar a anterior, se esta estivera suspensa.**
- O alumnado que finalmente suspenda a materia, rematada a terceira avaliación ordinaria, poderá recuperala no período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final, **realizando unha proba escrita global cos contidos das 3 avaliacións.** O valor da proba será de 10 puntos, **tendo o/a alumno/a que obter un mínimo de 5 para dar por recuperada a materia.** Para o alumnado nesta situación, no período comprendido entre o final da terceira avaliación parcial e a data na que se realice a proba escrita global, deseñaranse actividades de reforzo e apoio que lles facilite acadar as aprendizaxes necesarias para poder aprobar a materia.

➤ **Á hora de redondear as notas en cada un dos trimestres, actuaremos do seguinte xeito:**

-Cando o decimal sexa 6 ou un nº menor de 6, redondearemos á baixa. (exemplo: 5,6 = 5)

-Cando o decimal sexa igual ou superior 7, redondearemos cara arriba (exemplo 5,7=6)

➤ **CÁLCULO DA NOTA FINAL:**

-Obterase por unha das seguintes vías, sempre atendendo ao que mais favoreza a cada alumno/a:

- **Para o alumnado que xa teña a materia aprobada ao rematar a terceira avaliación ordinaria**, a nota final de xuño resultará:

A) Do seguinte cálculo: 40% da nota da 1ª avaliación ordinaria, 30% da nota da segunda avaliación e o 30% da nota da terceira avaliación.

B) A mesma nota que a obtida nunha proba escrita global voluntaria, cos contidos das tres avaliacións, que terá un valor de 10 puntos. A nota obtida nesta proba só se terá en conta como cualificación final se é maior que a nota obtida polo procedemento descrito no apartado A).

Este alumnado, no período abranguido entre o final da terceira avaliación parcial e a avaliación final, fará actividades de consolidación das aprendizaxes do curso, podendo mellorar a súa cualificación final a través da:

- Realización dunha proba escrita global cos contidos das tres avaliacións (xa comentada no apartado B).
- No caso do curso de 4º ESO, ademais da opción anterior, terán a posibilidade de realizar diferentes tarefas propostas pola profesora, a través das que este alumnado **poderá subir ata 1 punto** a súa nota media do curso (ou a súa nota da 3ª avaliación se esta é maior que a media aritmética das 3 avaliacións)

➤ **PARA O ALUMNADO QUE TEÑA QUE RECUPERAR A MATERIA**, a cualificación final será a nota obtida nunha proba de recuperación (proba escrita global cos contidos das 3 avaliacións), redondeada ao alza a partir do decimal 7.

IMPORTANTE:

- Se algún alumno/a é sorprendido copiando nun exame escrito, SE LLE RETIRARÁ O EXAME, sendo este cualificado cun 0. Este/a alumno/a terá a oportunidade de volver a facer o exame escrito, na data que a profesora dispoña.
- Atenderase ao disposto no RRI do centro por si esta conduta dera lugar a algunha sanción.
- Segundo está recollido no RRI do centro, **o alumnado que falte o día estipulado para facer un exame ou proba práctica, ou o día estipulado para entregar algunha actividade ou traballo**, sen aviso previo, deberá xustificar á profesora a súa ausencia para que esta estableza unha nova data. Non se lle fará o exame e non se lle recollerá a actividade/traballo ata que non se xustifique esa ausencia.
- Se nalgunha proba obxectiva a entregar polo alumnado, hai certeza de que as respostas foron copiadas doutro compañeiro/a, se lle porá un 0 nesa actividade á persoa que copiou. Á persoa que lle facilitou que copiase, se lle reducirá a nota obtida nun 50%.

Como vimos, dentro dos estándares que fan referencia a aspectos procedimentais, incluímos, cun valor de **ata o 10%** do apartado procedimental, a execución de actividades relacionadas coa asunción de hábitos de vida saudable. Con elas intentamos que o alumnado, tanto dentro como fóra do horario lectivo, realice actividade física / deportiva, reforzando así os contidos traballados no curso e esperando contribuír ao desenvolvemento e mantemento a longo prazo dun estilo de vida saudable.

Obxecto da avaliación.

Serán obxecto da avaliación tanto o alumnado como a profesora e tamén o proceso de ensino. No caso do alumnado e como xa expuxemos anteriormente neste mesmo punto, será avaliado tanto pola profesora (heteroevaluación) a través dos diferentes instrumentos de avaliación recollidos en puntos anteriores desta programación, pero tamén, nalgunhas Unidades Didácticas, por si mesmo (autoavaliación) e polos seus compañeiros (coevaluación).

O profesorado será avaliado polos seus alumnos/as, a través dunha rúbrica como a seguinte:

RÚBRICA DE SATISFACCIÓN CO LABOR DO PROFESORADO

Instrucións:

-Esta enquisa serve para que valoredes si estades satisfeitos ou non coa miña labor. O resultado dela vaime axudar a saber onde teño que mellorar para lograr ser unha mellor profesora. Grazas por participar! A túa opinión é moi importante.

-Se algunha pregunta crees que non a sabes contestar, déixaa en branco.

-Resposta con sinceridade e pon un **x** onde ti consideres a tendendo ao seguinte:

1= Nada satisfactorio / 2= Pouco satisfactorio / 3=Satisfactorio / 4: Moi satisfactorio

-Ti decides se queres poñelo teu nome ou non. Non é obrigatorio.

NOME:	GRUPO:	DATA:		
CUESTIÓNS	VALORACIÓN			
	1	2	3	4
1. Antes de comezar cada Unidade Didáctica, explica cal é a relación cas Unidades didácticas xa traballadas, cales son as aprendizaxes que se pretende que consigades, cales van a ser os contidos a traballar e os obxectivos a conquistar.				
2. Explicanos como se vai a realizar a avaliación e de onde vai saír a nota do trimestre.				
3. Cando explica céntrase no importante, tratando de deixar claros os conceptos e os pasos a seguir nas tarefas a realizar.				
4. Relaciona contidos e actividades cos coñecementos previos.				
5. Trata de facelas clases amenas para mantermos activos e interesados.				
6. Pregunta con frecuencia se temos todo claro, se temos dúbidas..				
7. Axuda a todos os alumnos/as, non fai distincións				
8. É xusta. As notas axústanse ao traballo, compromiso e actitude de cada alumno.				
9. Ten unha actitude respectuosa con todo o alumnado.				
Comentario persoal (voluntario)				

8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

O primeiro indicador a ter en conta, é ir comprobando se a temporalización prevista para acadar cada estándar avaliable, se vai cumprindo. Sirva como exemplo da táboa de control que empregaríamos, esta aplicada a 2º ESO.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE EN 2º ESO	Temporalización prevista			Temporalización real		
	UD1	UD2	UD3	UD1	UD2	UD3
2º-EFB1.1.1	X	X	X			
2ºEFB1.1.2	X	X	X			
2º-EFB1.1.3	X	X	X			
2º-EFB1.2.1	X	X	X			
2º-EFB1.2.2	X	X	X			
2º-EFB1.2.3	X	X	X			
2º-EFB1.3.1	X					
2º-EFB1.3.2	X					
2º-EFB1.3.3	X	X	X			
2º-EFB1.4.1	X	X	X			
2º-EFB1.4.2		X				
2º-EFB1.4.3	X	X	X			
2º-EFB1.5.1	X	X	X			
2º-EFB1.5.2	X	X	X			
2º-EFB2.1.1	X	X				
2º-EFB2.1.2	X	X	X			
2º-EFB2.1.3	X	X	X			
2º-EFB2.1.4	X	X				
2º-EFB3.1.1	X	X	X			
2º-EFB3.1.2	X	X	X			
2º-EFB3.1.3	X	X	X			
2º-EFB3.1.4	X					
2º-EFB3.1.5	X					
2º-EFB3.1.6	X	X	X			
2º-EFB3.2.1	X	X	X			
2º-EFB3.2.2	X					
2º-EFB3.2.3	X	X				

2º-EFB3.2.4	X	X	X			
2º-EFB4.1.1		X	X			
2º-EFB4.1.2		X	X			
2º-EFB4.1.3		X	X			
2º-EFB4.1.4		X	X			
2º-EFB4.1.5			X			
2º-EFB4.2.1			X			
2º-EFB4.2.2			X			
2º-EFB4.2.3			X			
2º-EFB4.2.4			X			


O segundo indicador será comprobar que ademais de respectar a temporalización prevista, a meirande parte do alumnado consegue aprobala materia, significando isto que a gran parte do alumando superou os estándares básicos da materia. Consideraremos que este feito o alcanzaremos cando polo menos **o 75% do alumnado supere a materia en cada trimestre**, tal e como ven ocorrendo en cursos anteriores.

9.Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

No presente curso non temos alumnado coa materia pendente doutros cursos.

10.Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia do seu resultado

O punto de partida do deseño definitivo de toda a programación, debe ser **a avaliación inicial**. Os obxectivos da mesma, resúmense na seguinte imaxe.



Esta avaliación inicial a temos incluída xa na UD1 dos respectivos cursos, e dos seus resultados tomaranse decisións para o desenvolvemento desas UDS.

Como parte desta avaliación inicial, empregaremos:

✓ **Para todos os cursos:**

- Unha valoración sobre os hábitos de vida saudable do noso alumnado, para o que empregaremos o documento de recollida inicial de información, no que preguntamos por exemplo sobre práctica de actividade física / deportiva semanal, sobre hábitos de almorzo, etc.
- Unha proba teórica para comprobar o grao de coñecementos previos/lembranzas que o alumnado ten sobre os contidos dados no curso anterior. Como exemplo, amosamos a que imos empregar en 2º.

AVALIACIÓN INICIAL E INDIVIDUAL DE CONTIDOS CONCEPTUAIS / 2º ESO

Columna 1:

Indica cun SI ou cun NON, se en cursos anteriores lembrás que estudiaches estes conceptos / temas.

Columna 2:

Indica o grao de coñecemento/lembranza do concepto poñendo un X no número que corresponda, sinalando:

- 1 Se non o coñeces ou non o lembrás ese concepto.
- 2 Se tes unha lixeira idea pero non serías quen de explicalo ben.
- 3 Se o coñeces e saberías explicalo.

Nome e apelidos da/o alumna/o:				
CONCEPTOS	COLUMNA 1 SI / NON	COLUMNA 2		
		1	2	3
Concepto de capacidades físicas básicas				
Concepto de forza				
Concepto de PAS				
Concepto de flexibilidade				
Concepto de velocidade de reacción				
Concepto de resistencia				
Concepto de PLS				
Xogos que desenvolvan a velocidade				
Concepto de saúde				
Xogos que desenvolvan a resistencia				
Concepto de quecemento xeral				
Manobra fronte –queixo				

Xogos que desenvolvan a flexibilidade				
Concepto de orientación				
Significado de PR en sendeirismo				
Concepto de baliza				
Concepto de xogo				
Concepto de sendeiro de PR				

- ✓ En **2º ESO** faremos unha serie de test para valorar o grao de mobilidade articular da columna vertebral, nocellos, cadeira e ombreiros. Os test poden verse nestes enlaces: <https://youtu.be/k4WW9pHvEyw?t=85> e <https://youtu.be/1zvxOlvqmWg?t=54>. O coñecemento e coidado da columna serán contidos que trataremos na 1ª UD do curso, así como a importanci de unha boa mobilidade articular para evitr lesións musculares e ser mais eficaces nos nosos movementos.

- ✓ En **4º ESO** ademais da avaliación de coñecementos previos, faremos 2 test de forza-resistencia que podemos ver nestes enlaces: test de burpees y test de flexión de brazos (https://www.sportlife.es/entrenar/fitness/7-test-medir-tu-forma-fisica-fuerza-equilibrio-resistencia-en-casa_215485_102.html) mais o test de Ruffier para valorar a resistencia cardiovascular. Ademais calcularemos e relacionaremos entre si o **índice de masa corporal** (IMC), o **índice cintura/ talla** (ICT), e a valoración feita cunha báscula de bioimpedancia como criterio de saúde e que permitirá que o alumnado teña unha imaxe máis completa do seu estado físico.. Esta avaliación vai selo punto de partida do desenvolvemento da UD1, e o contido transversal de todo o curso.

INDICE CINTURA TALLA(ICT) = Perímetro da cintura (en Cm) / estatura (Cm)	
HOMES	MULLERES
-ICT >0,48 = SOBREPESO	-ICT >0,47 = SOBREPESO
-ICT > 0,51 = OBESIDADE	-ICT > 0,50 = OBESIDADE

CÁLCULO IMC: PESO (EN KG) / ESTATURA (En CMS ao cuadrado)	
Índice de Masa Corporal	Tu rango
15 o menos	Delgadez muy severa
15 – 15.9	Delgadez severa
16 – 18.4	Delgadez
18.5 – 24.9	Peso Saludable
25 – 29.9	Sobrepeso
30 – 34.9	Obesidad Moderada
35 – 39.9	Obesidad severa
40 o más	Obesidad muy severa (obesidad mórbida)

As **medidas individuais e colectivas** que se van a tomar unha vez finalizada a avaliación inicial, terán a súa translación a tódalas unidades didácticas en cada un dos cursos:

-Adaptando a intensidade e profundidade das actividades propostas ás posibilidades de cada alumno/a.

-Adaptando as condicións de execución das tarefas e dos obxectivos propostos, ás posibilidades de cada alumno/a

-Seleccionando os contidos que precisan ser repasados e aprendidos por ser chave para poder seguir progresando e que seguirán estando presentes en todas as demais UD's do curso.

-Coñecendo cales son os/as alumnos/as que poden precisar de reforzo tanto en relación ao desempeño das habilidades motrices como do contido teórico da materia.

-Incluindo en cada clase tanto tarefas de reforzo como de ampliación para o alumnado que así vemos que o precise.

-Tomando medidas en canto á conformación dos grupos de traballo, de xeito que consigamos que os diferentes grupos que se creen funcionen de forma coordinada, haxa bo clima de traballo e cada alumno vaia progresando na materia.

No seguinte punto trátanse outras medidas a tomar.

11. Medidas de atención á diversidade.

Temos varios alumnos/as diagnosticados de TDAH en todos os cursos. Para atendelos axeitadamente seguiremos algunhas das recomendacións recollidas no *Protocolo de consenso sobre o TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos sanitario e educativo*, editado pola Consellería de Sanidade, que adaptaremos ás características da nosa materia. Entre estas recomendacións, levaremos a cabo as seguintes:

Medidas de atención ao alumnado con TDAH na materia de Educación Física		
Antes e durante a realización das actividades	Na parte informativa da sesión	Nos exames escritos
<ul style="list-style-type: none">• Antes de empezar unha actividade, explicala de xeito claro e sinxelo, e asegurarse de que a entendeu todo o alumnado.• Captar a atención inicial con cambios de entoación, xesticulación e dramatización.• Supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións.• Variar as tarefas para manter a súa motivación e atención.• Utilizar reforzos e apoios visuais na instrución oral.• Utilizar reforzos positivos para motivar.	<ul style="list-style-type: none">• Antes de empezar, asegurarse de que atende.• Utilizar frases curtas e claras.• Manter o contacto visual e permanecer cerca deste alumnado.• Focalizar a atención nos conceptos “clave”.• Utilizar estímulos visuais e modificar o ritmo da exposición, coas debidas pausas.• Presentar a idea principal explicitamente ao principio da explicación.• Implicalo, promovendo a súa participación con preguntas sinxelas.	<ul style="list-style-type: none">• Que sexan curtos e con preguntas breves, pechadas, claras e con vocabulario sinxelo.• Posibilidade de proporlle exames máis curtos para que teña tempo suficiente para respostar as preguntas.• Salientar as partes máis importantes de cada cuestión e, no caso de preguntas complexas, diferenciando ben cada tarefa.• Supervisar a súa comprensión e execución.• Pedir que se revisen os exames antes de entregalos.

Estratexias para mellorar a motivación e autoestima	Estratexias para controlar e mellorar a súa conducta	Estratexias para mellorar a súa capacidade reflexiva
<ul style="list-style-type: none"> • Intentar fomentar unha relación positiva entre o alumnado e a profesora. • Ofrecerlle ao alumnado experiencias de éxito, e reforzarse calquera pequeno logro na aprendizaxe e/ou na conduta. • Ofrecerlle confianza e expectativas positivas, facéndolle correccións respecto á súa tarefa e achegando propostas de mellora. • Evitarase avaliar sempre negativamente e proxectar expectativas de éxito. 	<ul style="list-style-type: none"> • O reforzo positivo de condutas adecuadas. • Evitar as recriminacións verbais, corrixir en privado e felicitar en público. • Ignorar os comportamentos de chamadas de atención que non sexan moi molestos. • Anticiparse e prever situacións que poidan presentar problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Fomentar o traballo en grupo, xa que a cooperación mellora as estratexias analíticas e a conduta. • Non presentar actividades con límite rigoroso de tempo, o que favorece a impulsividade e a tendencia a “saír do paso”. • Proporcionar axuda para o repaso e a autoavaliación.

Temos ademais alumnado con diagnóstico de dislexia. Para atenderlos aterémonos ao *PROTOCOLO PARA A INTERVENCIÓN PSICOEDUCATIVA DA DISLEXIA E/OU OUTRAS DIFICULTADES ESPECÍFICAS DE APRENDIZAXE*, editado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Neste curso tamén imos ter un alumno en 1º da ESO que presenta plurideficiencias que levarán ao deseño dunha ACI.

O centro leva a cabo estas outras medidas de atención á diversidade:

a) Reforzo educativo:

- Alumnado de 2º exento da materia de francés. Esta medida está contemplada alumnado de 2º que está repetindo e presenta un claro desfase curricular.
- Alumnado con reforzo educativo en áreas instrumentais. Este reforzo será de dous tipos:

a) Para aquel alumnado que xa viña recibindo reforzo dende a etapa de Educación Primaria e que segue presentando claras dificultades de aprendizaxe e para aqueles alumnos que no presente curso se detecte que presentan dificultades nunha ou dúas materias instrumentais.

b) Desdobres:

- o Levaranse a cabo en tódolos cursos para atender aos diferentes intereses do alumnado en relación á elección de materias optativas e división entre Relixión e Valores éticos.

- **Outras medidas de atención á diversidade na materia de Educación Física:**

A partir da información recadada a través da avaliación inicial, tomaremos medidas de atención á diversidade do alumnado, que non afecten a elementos prescriptivos do currículo. Así, nas actividades a realizar en cada sesión, **proporemos modificacións das condicións** nas que estas se realicen, que as faciliten ou dificulten segundo as necesidades do alumnado. Tamén proporemos **tarefas con diferentes niveis de solución** e realización, que poidan adaptarse aos diferentes niveis de desempeño do alumnado e aos diferentes ritmos de aprendizaxe. Utilizaremos para elo estratexias como a dinámica dos aneis, na que se propón 1 tarefa con 3 niveis de dificultade ou estratexias de toma de decisións nas que son os alumnos os que deciden que facer ante 2 propostas, dinámicas de retos, etc. **Empregaremos tarefas que faciliten a adaptación individual da intensidade** das mesmas aos diferentes niveis de condición física do alumnado. En resúmen, as condicións propostas nas tarefas facilitarán a adaptación da súa resolución ás características e posibilidades de cada alumno/a.

No caso do **alumnado que non pode participar ao 100% no desenvolvemento da práctica** por estar lesionados, indispostos ou porque se lles esqueceu o material específico (chándal/tenis), deberán:

-Participar na sesión no que a profesora lles solicite e que eles poidan facer, facilitando así que estean centrados na clase e poidan alcanzar os estándares que nesa sesión se traballen.


No caso do **alumnado lesionado de longa duración (mais de 2 semanas)** para os que o ditame médico sexa non facer ningún tipo de **actividade física**, ademais do exposto no punto anterior, se lles pedirá aos titores legais do alumno que informen á profesora sobre a lesión/enfermidade e o tempo estimado da baixa. Nestes casos se lles propondrá a realización dun traballo relacionado coa temática que esteamos a traballar na unidade didáctica, que terán que entregar por escrito dentro do prazo que se estableza, contestar as preguntas que a profesora lle faga sobre o seu traballo e tamén o terán que expor á clase na data que profesora e o alumno acorden. O valor máximo deste traballo e da exposición poderá ser de ata o 40% da nota da unidade didáctica (a porcentaxe equivalente aos estándares avaliados a través de probas de execución), en función do momento do trimestre no que teña lugar a lesión e do tempo no que o alumno/a non poida facer ningún tipo de exercicio físico. Para corrixir o traballo e a exposición, utilizaranse sendas rúbricas, que se mostran a continuación.

RÚBRICA CORRECCIÓN TRABALLOS ESCRITOS		
Entre parénteses mostrase o valor de cada ítem en relación á nota final do traballo	SI	NON
-O traballo cumpre os requisitos formais establecidos (10%)		
-O tema foi cuberto amplamente, sendo a idea central desenvolvida con claridade (10%)		
-A bibliografía é ampla e está ben referenciada (5%)		
-A presentación do traballo é axeitada (limpo, ordenado.) (5%)		
-A redacción é correcta. Sen faltas de ortografía e con uso correcto da puntuación 10%		
-O traballo é orixinal. Apréciase a orixinalidade do alumno/a porque utiliza unha linguaxe adecuada ao seu nivel, non emprega palabras que non entende e aporta a súa opinión. (40%)		
-O alumno/a contestou correctamente ás preguntas da profesora sobre o seu traballo (20%)		
PUNTUACIÓN TOTAL:		

RÚBRICA PARA A EXPOSICIÓNS DE TRABALLOS ORAIS (ata x puntos)				
NOTAS / CATEGORÍAS	SOBRESAÍNTE	NOTABLE	SUFICIENTE	INSUFICIENTE
FALA	Fala lentamente e con claridade.	A maioría do tempo fala lentamente e con claridade.	Unas veces fala lentamente e con claridade, pero outras se acelera e non se lle entende nada.	Fala rápido ou se para demasiado. A súa pronuncia non é boa.
VOCABULARIO	Usa un vocabulario axeitado para a audiencia e que o alumno/a que expón, entende. Amplía o vocabulario da audiencia definindo as palabras que son novas.	Usa vocabulario axeitado. Usa 1-2 palabras novas pero non as define.	Usa vocabulario específico. Non inclúe vocabulario novo.	Usa unha ou varias palabras que a audiencia non pode entender.
VOLUME	O volume é o suficiente alto para que o escoite a audiencia todo o tempo.	O volume é o suficiente alto para que se escoite o 90% do tempo.	O volume é o suficiente alto para que se escoite o 80% do o tempo.	O volume non é suficiente para que o escoite a audiencia.
POSTURA DO CORPO E CONTACTO VISUAL	Postura e xestos axeitados. Mira a tódolos compañeiros con naturalidade.	A maioría do tempo a Postura e xestos son axeitados. Case sempre mira aos mentres fala.	Algunhas veces mantén unha postura e xeitos adecuados. En ocasións mira aos compañeiros	Non mantén un xesto e unha postura correctos. Case nunca mira aos compañeiros.
CONTIDO	Demostra dominar completamente o tema.	Demostra dominar bastante o tema.	Demostra dominar partes do tema.	Demostra non dominar o tema.
MATERIAL DE APOIO E TECNOLOXÍA	Utiliza material de apoio que facilita totalmente seguir a Exposición e entender o tema.	Utiliza material de apoio que facilita bastante seguir a exposición e entender o tema.	Utiliza material de apoio que facilita bastante seguir a exposición pero non entender o tema.	Non utiliza material de apoio.

12. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.

Os seis elementos transversais son:



Nas seguintes táboas facemos visible este traballo, que se relaciona co exposto nos puntos 2 e 4 desta programación.

✓ **COMPRESIÓN LECTORA, EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA.**

2º E 4º ESO										
CURSOS	E.A. RELACIONADOS CA COMPRESIÓN LECTORA E A EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA	COMPET. CLAVE	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	U.D ONDE SE TRABALLA						EXEMPLOS DE ACTIVIDADES
				1ª	2ª	3ª				
2º ESO	-Todos os que se avalíen a través de exames escritos e ou probas obxectivas	CCL	Exame escrito e proba obxectiva	X	X	x				-As situacións de avaliación recollidas no punto 4 da programación.
4º ESO				X	X	X				

✓ **TIC E COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL.**

2º E 4º ESO										
CURSOS	E. RELACIONADOS CA COMPETENCIA DIXITAL E AS TIC	COMP. CLAVE	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	U.D ONDE SE TRABALLA						EXEMPLOS DE ACTIVIDADES
				1ª	2ª	3ª				
2º ESO	-EFB1.5.1, EFB3.1.1	CD	Exame Escrito e proba obxectiva / Proba de execución	x	X	X				-As situacións de avaliación recollidas no punto 4 da programación.
4º ESO	EFB1.6.1, EFB1.6.2, EFB1.6.3			X	X	X				

✓ EMPRENDEMENTO.

2º E 4º ESO										
CURSOS	E. RELACIONADOS CO EMPRENDEMENTO	COMP CLAVE	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	U.D ONDE SE TRABALLA						EXEMPLOS DE ACTIVIDADES
				1ª	2ª	3ª				
2º ESO	Consultar o punto 4 desta programación no que se reflicten todos os estándares que contribúen ao desenvolvemento da competencia clave CSIEE	CSIEE	Exame Escrito e proba obxectiva /	X	X	x				-As situacións de avaliación recollidas no punto 4 da programación
4º ESO			Proba de execución / Rúbrica, lista control e/ou rexistro anecdótico	X	x	X				

✓ EDUCACIÓN CÍVICA E CONSTITUCIONAL.

2º E 4º ESO										
CURSOS	E. RELACIONADOS CA EDUCACIÓN CÍVICA E CONSTITUCIONAL	COMP. CLAVE	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	U.D ONDE SE TRABALLA						EXEMPLOS DE ACTIVIDADES
				1ª	2ª	3ª				
2º ESO	Consultar o punto 4 desta programación no que se reflicten todos os estándares que contribúen ao desenvolvemento da competencia clave CSC	CSC	Exame Escrito e proba obxectiva /	x	X	x				-As situacións de avaliación recollidas no punto 4 da programación
4º ESO			Proba de execución / Rúbrica, lista control e/ou rexistro anecdótico	x	x	X				

13.Actividades complementarias e extraescolares programadas para cada curso.

13.1 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS										
CURSOS	TRIMESTRES			UNIDADE DIDÁCTICA				ESTÁNDAR APRENDIZAXE	INSTRUMENTO AVALIACIÓN	ACTIVIDADE
	1º	2º	3º	1	2	3				
2º ESO	X	x	X		X	x		EFB1.1.3 EFB1.3.1 EFB1.3.2 EFB1.4.1	-Proba de execución	-Realización das clases no entorno natural próximo ao centro. -Clases /charlas impartidas por persoas alleas ao centro
4º ESO	X	X x	X	x	X	X		EFB1.4.1 EFB1.2.1 EFB1.2.2 EFB1.2.3 EFB4.3.1 EFB4.3.2 EFB4.3.3 EFB4.2.4 EFB1.6.1	-Proba de execución e rúbrica -Proba obxectiva	-Realización de clases no entorno natural próximo ao centro. -Organización de actividades e eventos para o alumnado do centro e/ou o alumnado do CEIP que temos ao lado. -Actividade de convivencia e inclusión co alumnado / usuarios dalgún centro / asociación que traballe con discapacitados. -Clases /charlas impartidas por persoas alleas ao centro. -Visita ao Centro Galego de Tecnificación Deportiva e á Facultade de Ciencias da Actividade Física e do Deporte do Campus de Pontevedra.

13.2 ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

CURSOS	TRIMESTRES			UNIDADE DIDÁCTICA				ESTÁNDAR APRENDIZAXE	INSTRUMENTO AVALIACIÓN	ACTIVIDADE
	1º	2º	3º	1	2	3				
2º ESO	x	x		x	X			EFB1.3.1 EFB1.3.2 EFB1.4.3 EFB1.4.4 EFB1.4.5 EFB3.1.4	-Proba de execución	-Proponse unha viaxe á neve para o alumnado de 2ºESO, a fin de que coñezan e practiquen un deporte na natureza que no entorno próximo do alumnado non é posible realizar. -Realizar unha etapa do Camiño de Santiago en colaboración coa Fundación Galega contra o Narcotráfico.
4º ESO	x			x				EFB1.4.1 EFB3.1.4 EFB3.2.1 EFB3.2.2 EFB4.1.3 EFB4.3.2 EFB4.3.3	-Proba de execución	-Realizar unha etapa do Camiño de Santiago en colaboración coa Fundación Galega contra o Narcotráfico.

14. Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

En primeiro lugar teremos que estudar os resultados do noso alumnado, despois analizar as posibles causas deses resultados e por último, propor medidas a tomar conducentes a melloralos.

CURSOS	N.º DE ALUMNOS/AS	N.º DE SUSPENSOS / %	N.º DE APROBADOS / %	OBSERVACIÓNS / ANÁLISES DOS RESULTADOS
2º A	25	?	?	
2º B	25	?	?	
4º A	18	?	?	
4º B	18	?	?	

Dende este Departamento propomos a seguinte rúbrica para levar a cabo revisión e análise dos resultados obtidos e onde os números significan o seguinte:

0= Equivocado/a (malos/as) 1= mellorable/s 2 = Axeitados/as

ÍTEMS	0	1	2
1. Os resultados académicos acadados polo alumnado podemos consideralos...			
2. O número de aprobados da materia en cada un dos cursos podemos consideralo como...			
3. O número de suspensos na materia podemos consideralo como...			
4. O desenvolvemento real da temporalización da programación, respecto á temporalización prevista foi...			
5. A adecuación ás características e posibilidades do alumnado do grao mínimo de consecución foi...			

6. O obxectivo de que polo menos o 70% do alumnado acadase os estándares básicos foi...			
7. Os resultados académicos acadados polo alumnado podemos consideralos...			
8. A asignación a cada estándar do peso correspondente na unidade foi..			
9. As actividades propostas facilitaron a consecución dos estándares básicos			
10. A contribución das actividades propostas á consecución dos estándares por parte do alumnado, independentemente do seu			
11. Animouse aos alumnos a completalo seu aprendizaxe en horario extraescolar.			
12. O ensino na área estivo coordinada con outras disciplinas.			
13. Utilizáronse diferentes medios para transmitir a información			
14. Incentivouse o traballo cooperativo.			
15. A formulación das tarefas de reforzo para os alumnos que así o precisaron, foi..			
16. A formulación das tarefas de ampliación para os alumnos que así o precisaron, foi..			
17. A adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE foi...			
18. A adecuación das probas da avaliación inicial, foi...			
19. A adecuación das actividades de seguimento e recuperación, foi...			
20. O uso dos recursos materiais do departamento, foi...			
21. O grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas, foi..			
22. O grao de contribución desde a materia, aos plan do centro foi..			
23. A contribución da materia ao desenvolvemento dos temas transversais foi...			
24. Os resultados da enquisa de valoración do labor docente foi..			
25. O clima de traballo xeral no aula podemos consideralo como....			
Conclusións:			
Propostas de mellora:			

15. Bibliografía.

- Blázquez, Domingo (2017): Como evaluar bien. Educación Física. El enfoque de la evaluación formativa. Inde. Barcelona.
- Famose, Jean-Pierre (1992): Aprendizaje motor y dificultad de la tarea. Paidotribo. Barcelona.
- Jhonson David y Jhonson Roger (2014): La evaluación en el aprendizaje cooperativo. Como mejorar la evaluación individual a través del grupo. SM. Madrid.
- Onofre, Contreras Jordán (2017):El aprendizaje basado en proyectos en Educación Física. Inde. Barcelona.
- Pellicer ,Irene (2011): Educación Física emocional. De la teoría a la práctica. Inde. Barcelona.
- Pellicer, Irene (2015): NeuroEF. La revolución de la Educación Física desde la neurociencia. Inde. Barcelona.
- Varios (1997): La Educación Física en secundaria. Elaboración de materiales curriculares. Fundamentación teórica. Inde. Barcelona.
- Varios (2010): Aprendizaje cooperativo en Educación Física. Fundamentos y aplicaciones prácticas. Inde. Barcelona.